



UNIDADE 6

E que che dixo?

Pídalles aos estudantes que observen a fotografía da portadiña e pregúntelles: **Que credes que están facendo estas persoas?** Acepte todas as respostas lóxicas, pero tente que os seus alumnos fagan referencia ao feito de **falar**. Asegúrese de que entre as súas suxestións figuren vocábulos como **falar, charlar, conversar, contar un chiste/unha anécdota/unha historia** e **criticar** e de que entenden o seu significado.

Logo, volva á imaxe da portadiña e pregúntelles: **Cal deles credes que está contando algo? Quen puido facer a pregunta que lle dá título á unidade?** Acepte todas as súas respostas, sempre e cando as xustifiquen.

Por último, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: van tomar partido nun conflito entre dúas persoas.

E que che dixo?



comprender

1. RAPAZ PARA TODO

Escoitar unha gravación para determinar que tarefas ten que facer un rapaz no seu traballo.

ANTES DE COMEZAR

Preséntelles a Lucho, o rapaz da imaxe, aos seus alumnos e dígalles que traballa de “rapaz para todo” nun bufete de avogados. A continuación, pídalles que, en parellas, comenten en que cren que consiste este posto de traballo.

Ademais, suxíralles que observen a imaxe e que fagan hipóteses sobre o que terá que facer cos obxectos ou coas persoas que aparecen nos distintos cadros. Déalles uns minutos e realice a seguir unha posta en común, anotando no encerado as súas respostas.

PROCEDEMENTOS

Coméntelles aos seus alumnos que van escoitar como Rosa, a secretaria do bufete, lle di a Lucho o que ten que facer esa mesma tarde. Pídalles que, individualmente, escriban en cada cadro a información referente ao elemento que o encabeza.

Solución

O coche do xefe: *ten que levalo a lavar.*

O xefe: *ten que levalo ao aeroporto ás 17.30 h.*

A fotocopiadora: *ten que tentar arranxala.*

A cafeteira: *ten que levala á tenda a ver que lle ocorre e cambiala, de ser necesario.*

As chaves da oficina: *ten que facer dúas copias.*

O contrato do señor Carballo: *ten que ir á copistería e facer tres copias.*

Se o considera necesario, poña a audición unha segunda vez. Logo, anímeos a compararen as súas respostas en parellas antes de que a comenten nunha posta en común, cando tamén poderán comprobar se eran acertadas as súas hipóteses listadas no encerado.

2. DIXÉRONME QUE TIÑA QUE PAGAR

Ler os testemuños de tres persoas ás que intentaron estafar. Relacionar unha serie de frases cos textos e ordenalas. Comentar que facer nese tipo de situacións.

ANTES DE COMEZAR

Fotocopie as frases da **ficha 12** e entréguelles aos seus alumnos. Coméntelles que se trata dalgúns consellos para evitar un tipo concreto de delito. Pídalles que os lean e que, en parellas, discutan de que tipo de delito se trata e que organizacións poden facer recomendacións como estas.

Solución

Trátase de consellos para evitar timos ou estafas. A policía ou as asociacións de consumidores adoitan facerlles este tipo de recomendacións aos cidadáns.

PROCEDEMENTOS

A. Interésese por saber se os estudantes sentiron algunha vez que os querían estafar. A continuación, coméntelles que as persoas que aparecen nas fotografías estiveron a piques de se converteren en vítimas dunha estafa. Logo, pídalles que formen grupos de tres e que cada membro lea un dos testemuños, para despois contárllelo aos seus dous compañeiros. Durante esta fase de transmisión de información, preste atención ás súas producións e axúdelles no que for necesario.

B. Remítaos agora aos recadros que figuran na columna esquerda. Dígalles que esas frases resumen os testemuños anteriores, pero están desordenadas. Pídalles que as asocien coa historia correspondente e que as ordenen. Logo duns minutos, realice unha posta en común.

Solución

Testemuño de Xoán:

Viu un anuncio de traballo interesante no xornal.

Chamou e díxéronlle que fose ese mesmo día facer unha entrevista.

Ofrecéronlle comezar esa mesma semana.

Puxéronlle unha condición: comprar un ordenador e uns programas.

Pareceulle estraño e non aceptou o traballo.

Deuse conta despois de que todo era unha estafa.

Testemuño de Marta:

Adquiriu un aparello de cociña por teléfono.

Tivo que agardar moito tempo para recibir o produto.

Cando chegou, o aparello non era como o describía a publicidade.

Quixo devolvelo, pero obrigábana a pagar o transporte.

Ao final non o pagou, pero teno aínda na casa.

Testemuño de Xocas:

Chamou a unha axencia para se informar sobre un piso.

Díxéronlle que ese xa estaba alugado, pero que tiñan outros semellantes.

Pedíronlle que fose á axencia e que pagase a cambio dunha lista de pisos.

Non o fixo e presentou unha queixa nunha asociación de consumidores.

A xustiza deulle a razón.

C. Agora, pregúntelles aos seus alumnos como cren que se debe actuar nestes casos e anímeos a que todos compartan cos compañeiros a súa opinión.

E DESPOIS

Se os seus alumnos parecen interesados en continuar co tema das estafas, pídalles que formen parellas e entréguelle a cada un unha fotocopia do texto da

ficha 13. Anímeos a leren en que consisten os enganos, a pensaren noutros que coñezan e a escribiren dúas recomendacións para previlos.

Despois, realice unha posta en común. Se lle parece conveniente, pode pedirlle a un dos estudantes que tome nota de todos os consellos para elaborar unha lista que poderán pendurar logo no panel de anuncios do centro.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 105, exercicio 7.



3. MENSAXES

Escoitar tres mensaxes gravadas nun contestador e reflexionar sobre a función dunha determinada estrutura. Reconstruír unha mensaxe a partir dunha nota.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que os seus alumnos entendan que cando transmitimos as palabras doutra persoa podemos simplemente comunicar a intención, no canto de repetir as súas palabras orixinais e que, polo tanto, podemos asociar o emprego do subxuntivo á transmisión de peticións, sen importar como se expresaron orixinariamente.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes cantas maneiras se lles ocorren en galego para pedirlle a unha persoa que abra unha ventá. Anote no encerado todas as que sexan correctas e comenten entre todos os posibles contextos nos que se emitiría cada unha. Algunhas das posibles respostas poderían ser:

A ventá!

Pecha a ventá, por favor.

Impórtache pechar a ventá?

Que peches a ventá!

Sería posible pechar a ventá?

Por favor, podería(s) pechar a ventá?

Observe que calquera dos enunciados anteriores podería ser transmitido como: **Pedíume que peche a ventá./ Pedíume que pechase a ventá.**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que van escoitar tres mensaxes gravadas nun contestador, todas para a mesma persoa: Miguel. Dígalles que Antón, o seu compañeiro de piso, escoitou as mensaxes e que lle deixou a Miguel a nota que figura na actividade. A seguir, pídalles que as escoiten todas, que se fixen na estrutura marcada en cada frase da nota e que decidan

se se emprega para transmitir unha información ou unha petición.

Solución

Para transmitir unha petición.

Agora, póñalles a audición dúas veces máis e pídalles que, en grupos de tres, transcriban as palabras orixinais das mensaxes (cada membro encárgase dunha das mensaxes).

Realice a continuación unha posta en común, para que se evidencie que todas as peticións se transmitiron coa mesma estrutura, aínda que se realizaron de maneiras diferentes.

B. Remita agora os estudantes á nota que figura neste ítem e pídalles que, individualmente, escriban como cren que foi a mensaxe orixinal. Déixelles tempo abondo e axúdeos coas dúbidas que poidan ter.

C. Unha vez que teñan escritas as mensaxes, pídalles que as lean ante os seus compañeiros. Acepte todas as propostas correctas e anímeos a que se fixen na variedade de formas que hai para facer unha petición.

4. TOMÉ E SUSANA

Observar os cambios dalgúns tempos verbais na transmisión das palabras doutra persoa.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que a Tomé e a Susana lles dixeron cousas moi bonitas e que, ao chegaren á casa, lles contaron as súas respectivas familias. Remítaos logo ás catro ilustracións e pídalles que descubran cales son estes personaxes (C e D). A continuación, pídalles que asocien cada ilustración coa frase correspondente.

Solución

A. Casa comigo.

B. Es a mellor secretaria do mundo.

C. Esta tarde Sandra pedíume que case con ela.

D. Hoxe o meu xefe díxome que son a mellor secretaria do mundo.

B. Agora, antes de que miren o contido de B, indíquelles que volvan ás frases anteriores e que marquen o que cambia entre as frases orixinais e as que as transmiten. Déixelles uns minutos para que o fagan e leve a cabo unha posta en común. Logo, permítalles leren o enunciado do ítem B e reflexionaren sobre o seu contido. Se lle parece necesario, escriba no encerado un ou dous exemplos máis, para que lles quede máis claro.

C. A seguir, informe os estudantes de que, ao pasar o tempo, as historias de Susana e de Tomé non acabaron moi ben. Pídalles que relacionen as frases A e B coas debidas continuacións, para saberen o que ocorreu.

E que che dixo?

Solución

- A. ... pero uns días despois botáronme do traballo.
B. ... pero dous meses máis tarde descubrín que me enganaba con outro e deixeiña.

D. Pídalles agora que observen os cambios que se produciron nos tempos verbais ao transmitirse a información un tempo máis tarde e que completen o cadro coas formas correspondentes.

Solución

Díxome que *era* a mellor.
Pedíume que *casase* con ela.

Centre a atención dos estudantes na forma **casase** e aproveite para explicarlles que o pretérito de subxuntivo adoita aparecer en frases subordinadas que, en ocasións, transfíren o discurso doutras persoas, incluíndo as peticións. Logo, remítaos ás epígrafes “Pretérito imperfecto de subxuntivo” e “Transferir ordes, peticións e consellos” da sección de gramática, na páxina 53, e repase con eles o seu contido.

E. Para rematar, coméntelles aos estudantes que ao transmitir a información un tempo despois, tamén se produciron algunhas modificacións nos marcadores temporais. Deseguida, pídalles que se fixen no cadro e que engadan os elementos que faltan. Cando rematen, faga unha posta en común e convídeos despois a leren o contido da epígrafe “Transmitir as palabras doutras persoas no pasado” da sección de gramática, na páxina 63.

Solución

Hoxe: *aquel día*
Mañá: *o día seguinte*
Esta mañá/tarde/noite: *esa/aquela mañá/tarde/noite*
A semana que vén: *á semana seguinte*
O mes/ano que vén: *o mes/ano seguinte*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 103, exercicios 1 e 2.



5. VAIA LERIA!

Reconstruír unha serie de conversas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Anime os seus alumnos a crearen producións “auténticas”, é dicir, que non se limiten a adaptar mecanicamente as palabras presentes nas conversas proporcionadas, senón que acheguen os elementos

necesarios para reproducir un discurso o máis natural posible.

No cuarto fragmento do diálogo, aparece un verbo en pospretérito no discurso referido. Tente que os estudantes descubran o seu valor polo contexto (futuro) e a que tempo é correlativo no discurso directo (futuro ou presente con valor de futuro).

ANTES DE COMEZAR

Distribúa os estudantes en parellas e pídalles que observen as ilustracións sen mirar o enunciado nin a conversa da esquerda. A continuación, lea en voz alta o título da actividade (**Vaia leria!**) e pregúntelles: **Sobre que credes que trata a historia que reflicten as ilustracións?** Déalles uns minutos e, logo, realice unha posta en común. Infórmeos de que, ao realizaren a actividade, saberán o que ocorreu realmente.

PROCEDEMENTOS

Coméntelles aos seus alumnos que a Mateo, o rapaz que aparece nas imaxes, lle custou moito cambiar uns pantalóns que lle regalaron e que despois lle contou toda a historia a un amigo. A continuación, pídalles que, individualmente, lean a conversa e tenten reconstruír, nos globos das ilustracións da dereita, os diálogos aos que o rapaz fai referencia.

Solución (suxestión)

Viñeta 1

Mateo: *Son moi bonitos, mamá, pero igual me quedan un pouco pequenos, non?*

Nai de Mateo: *Ti cres? Home, se non che gustan, pódelos ir cambiar. Na tenda díxéronme que non había ningún problema.*

Viñeta 2

Mateo: *Perdoe, gustárame cambiar estes pantalóns. Miña nai mercounos na tenda da rúa Picaso.*

Dependenta: *Síntoo, pero se os mercou noutra tenda, aquí non os podemos cambiar.*

Viñeta 3

Dependenta: *Si, claro, como non. Tes o ticket de compra?*

Mateo: *A ver... Pois non, non o trouxen.*

Dependenta: *Pois síntoo moito, pero non facemos cambios sen o ticket.*

Viñeta 4

Dependenta: *Síntoo moito, pero deste modelo xa non nos queda o teu talle. Chégannos/Chegarannos* máis a semana que vén.*

Viñeta 5

Mateo: *Creo que na tenda da rúa principal si que os hai do meu talle. Non poden chamalos e pedirllas que traian uns?*

* Interésese por saber se os estudantes pensaron nestes dous tempos verbais á hora de estruturar esta intervención. De ser necesario, aclare que, no estilo indirecto, o pospretérito serve para referirse a un

momento futuro, aínda que o enunciado orixinal se expresase no presente de indicativo.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 104, exercicio 6.

6. TEN VOSTEDE EXPERIENCIA?

Tomar notas dunha conversa e transmitirlle a información a un compañeiro.

ANTES DE COMEZAR

Lea en voz alta o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos en que contexto imaxinan que pode aparecer unha pregunta coma esa. É de supoñer que, entre outras respostas, mencionen **unha entrevista de traballo**.

A continuación, interésese por saber se os estudantes participaron algunha vez nunha entrevista de traballo e pregúntelles que temas se adoitan abordar neste tipo de situación. Entre as respostas cabe esperar, ademais da **experiencia**, a **disponibilidade**, as **calidades** ou as **expectativas laborais e económicas** dunha persoa.

PROCEDEMENTOS

A. Divida os seus alumnos en dous grupos, A e B. Deseguida, infórmeos de que Xandra, unha rapaza que está desempregada, leu un anuncio de traballo nun xornal e chamou á empresa para pedir información sobre o posto.

Dígalle que o grupo A vai escoitar esa conversa telefónica e que o grupo B oír a entrevista que tivo na empresa uns días máis tarde. Logo, indíquelles aos membros do equipo B que saian da aula e aos do A que tomen notas de todo o que sucede na conversa: con quen falou Xandra, que lle preguntaron, que lles contestou etc. A seguir, poña a audición e, de ser necesario, volva poñela unha vez máis.

Cando rematen, pídalles que abandonen a aula. Por outra banda, convide os membros do grupo B a que pasen e repítalles as mesmas indicacións e os mesmos procedementos coa segunda parte do audio.

B. Unha vez que todos estean de volta á aula, agrupe os seus alumnos en parellas formadas por un membro do equipo A e outro do B. A continuación, dígalles que, en primeiro lugar, deberán poñer en común co compañeiro a información que recolleron e, logo, pensar en que consiste o traballo ofrecido e se lles gustaría telo.

Déixelles tempo suficiente para que o fagan e, deseguida, proceda a unha posta en común na que se confirmen os contidos das conversas e se coñezan as diversas opinións dos seus alumnos sobre as demais cuestións formuladas.

E DESPOIS

Se observa interese por parte dos seus alumnos, aproveite para fomentar unha charla sobre o tema do desemprego e sobre a dificultade de atopar traballo en moitas localidades. Pídalles que conten como conseguiron o seu primeiro emprego (se xa o tiveron) e, se son estranxeiros, interésese pola situación laboral no seu país.

7. PÁSAO

Transmitirlle unha petición a un compañeiro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para levar a cabo a actividade, suxerímoslle que os seus alumnos estean dispostos nun círculo ou semicírculo. De non ser posible, realice a actividade respectando a disposición que adoitan ter na aula.

ANTES DE COMEZAR

Acérquese a un dos estudantes e dígalle ao oído: **Tendes que formar un círculo. Pásao.** Se a reacción do seu alumno non é a esperada, repita o proceso con outro e deixe que sexan eles os que xestionen o cumprimento da orde.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus alumnos que imaxinen que lle queren pedir ao compañeiro que teñen á súa dereita que lle faga algo (que se levante, colla as súas cousas e saia da clase; ou que tire o *discman* da mochila, se poña a escoitar música e se bote a bailar, por exemplo).

Déalles un momento para pensaren na súa petición e, logo, infórmeos de que, por quendas, lle expresarán a petición ao compañeiro que teñan á esquerda, que lla pasará ao seguinte, e así sucesivamente. O último estudante, é dicir, o que finalmente lle transmite a información ao seu verdadeiro destinatario, deberá facelo en voz alta para que a persoa que enviou a mensaxe comprobe se esta foi alterada despois de pasar por varios emisores.

8. CONTA AS TÚAS EXPERIENCIAS

Contarles unha experiencia persoal aos compañeiros.

ANTES DE COMEZAR

Suxerímoslle que lles propoña aos seus alumnos unha actividade de léxico relacionada coas ideas que se ofrecen no libro para crear unha historia. Pídalles que as lean e que, en parellas e coa axuda do dicionario, elaboren unha listaxe coas palabras ou expresións que cren que poderían aparecer en cada unha das historias.

Concédalles tempo abondo e faga logo unha posta en común, para que se coñezan todas as posibilidades léxicas propostas. Se lle pareceren moi poucas as

E que che dixo?

palabras suxeridas polos estudantes engada vostede as que considere axeitadas para os respectivos contextos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que evoquen algunha experiencia que viviron e que lles queiran contar aos compañeiros. Explíquelles que pode ser calquera vivencia que consideren interesante, divertida, curiosa, triste, estraña... Se observa que algúns estudantes non conseguen definir ou recordar ningunha experiencia, súxíralles a posibilidade de inventala ou de acudir ás propostas presentadas no libro

A continuación, anímeos a escribiren as ideas principais para que teñan un pequeno guión que lles axude á hora de facer a narración. Concédalles o tempo necesario e, logo, pídale a cada un que conte a súa historia sen indicar se é verdadeira ou falsa.

B. Unha vez que se contasen todas as experiencias, pídalles que, entre todos, escollan a que lles pareceu máis crible e a máis divertida. Así mesmo, pregúntelles cales lles pareceron verdadeiras e cales falsas. Logo, convide os respectivos autores a que confirmen ou corrixan as hipóteses feitas.

9. PARELLAS, MENTIRAS E PISOS DE ALUGAMENTO

Escoitar unha conversa e ler unha mensaxe electrónica de dúas persoas que teñen un conflito. Debater sobre quen ten razón e responder unha mensaxe electrónica.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É de esperar que os estudantes recuperen o que dixeron Fran e Isa. Préstelles especial atención ás súas producións e axúdeos con calquera dúbida que puidesen ter. De todos os xeitos, non deixe de realizar unha posta en común para verificar que o primeiro ítem da actividade se concluíu con éxito.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que van escoitar unha conversa entre Fran e Isa, unha parella que hai unha semana decidiu alugar un piso xuntos. Pídalles que anoten o que di cada un sobre as características do piso que lle gustaría alugar e sobre a súa procura. De ser necesario, poña dúas veces a gravación e, a seguir, faga unha posta en común.

Solución

A Isa gustaríalle atopar un piso antigo e que estivese no centro. Fran, pola contra, prefere un piso novo, máis tranquilo e preto do porto. Non lle gustan nada os pisos antigos nin tampouco vivir no centro.

Isa dille a Fran que terán que ir todas as tardes ver pisos, pero Fran contéstalle que non pode porque polas tardes ten adestramento e non pode faltar. Ao final, quedan en que Isa

vai ver os pisos cun amigo seu que traballa nunha axencia inmobiliaria.

B. Dígalles agora aos estudantes que, o mesmo día no que tiveron a conversa que acaban de oír, Isa foi ver un piso que lle gustou moito e que, como había outras persoas interesadas, decidiu asinar un contrato por un ano de alugamento e que, ademais, tivo que pagar 2.000 euros por adiantado, importe que correspondía aos tres primeiros meses de alugamento. Explíquelles que iso non lle pareceu nada ben a Fran e convídeos a leren a mensaxe electrónica que Isa lle enviou, para que entendan como está a situación entre eles neses momentos.

C. Fomente un debate entre os estudantes no que todos digan se cren que Fran lle debe devolver a Isa a metade dos cartos que pagou polo piso e por que, ou se, polo contrario, debe quedar libre dese compromiso. Logo do debate, pídalles que formen grupos de tres, que compartan preferiblemente a mesma opinión e que lle respondan a mensaxe a Isa, en nome de Fran.

Cando todos os grupos teñan o seu texto escrito, pídale a un membro de cada grupo que llo lea ao resto da clase. Se o prefere, tamén lles pode indicar que os coloquen na parede da aula para que os lean logo os propios compañeiros.

E DESPOIS

Aproveite para promover unha charla sobre a situación da vivenda en Galicia. Pódelles facer preguntas, como por exemplo: **que restricións ou condicións hai para mercar ou alugar unha vivenda, se esas son as mesmas en todas as localidades, se prefiren pagar unha hipoteca ou un alugamento e cales son as vantaxes e as desvantaxes de cada un, se saben como funciona o sistema de hipoteca** etc. Asemade, se traballa cun alumnado estranxeiro, interésese por saber como está a situación da vivenda nos seus países.



10. DEREITOS DO CONSUMIDOR

Contar a súa experiencia en relación cos dereitos do consumidor. Ler un texto sobre a OMIC e comentar os datos dunha táboa de servizos e de consultas deste organismo.

ANTES DE COMEZAR

Coméntelles aos seus alumnos que na comunidade galega os consumidores ou usuarios contan cunha serie de dereitos recoñecidos por distintas normas

legais. Pregúntelles se saben cales son eses dereitos e propóñalles que, en parellas e en tres minutos, elaboren unha listaxe coas hipóteses que consideren pertinentes.

Pasado o tempo estipulado, faga unha posta en común e apunte no encerado as súas suxestións. Se entre elas non mencionan os dereitos **á protección da saúde, á seguridade, á propiedade, a unha información correcta, á formación e información do consumo e á protección contra abusos e desconsideracións**, pode engadilos vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles agora aos seus alumnos se algunha vez tiveron que reclamar os seus dereitos como consumidor dalgún xeito e se coñecen algún organismo que se encarga de apoiar as persoas nestes casos. Despois, ánimoos a que comenten as súas experiencias en parellas.

Logo duns minutos, faga unha posta en común e, a seguir, pídalles que lean individualmente o texto.

Cando remataren a lectura, convídeos a comentaren se xa coñecían a OMIC, que lles pareceu a información e se hai algún dato que lles sorprendese. Se ten alumnos de distintas procedencias, pregúntelles se hai algún organismo similar no seu lugar de orixe e como actúa.

B. Preséntelles aos estudantes a táboa cos datos da OMIC da Coruña (unha relación entre os servizos ou sectores relacionados e co número de consultas realizadas). Pídalles que se fixen principalmente nos datos que van destacados en amarelo e que, coa mesma parella da actividade anterior, discutan sobre os supostos motivos que levan as persoas a realizaren unha consulta ou unha queixa relacionadas con eses sectores ou servizos.

Déixelles tempo abondo e, a continuación, promova unha posta en común na que se coñezan as opinións de todos os seus alumnos.

